

REGULAMENTO

VII RUTA BTTroita PONTECALDELAS

1º.- A **VI Ruta BTTroita PONTECALDELAS** é unha marcha **non competitiva** que terá a súa saída oficial ás 15:30 horas do sábado 4 de abril de 2020 dende a Alameda de PonteCaldelas organizada pola empresa **GLOBAL DXT** en colaboración co **Concello de Pontecaldelas**. A organización establece as 20:00 horas, como hora límite de remate da marcha.

2º.- As inscricións realizaránse a través da páxina WWW.EMESPORTS.ES . O custe de cada inscrición é de 12 € por cada un dos participantes ata o día 19 de marzo. Do 20 de marzo ao 2 de abril o custe será de 15 euros. A inscrición da dereito á participación, avituallamentos, duchas, lavado de bicis, seguro de responsabilidade civil da marcha e seguro de accidentes. Esta é unha marcha **NON FEDERADA**.

3º.- A inscrición realizarase dende o día 1 de marzo o 2 de abril de 2020. Este ano existe un número máximo de participantes que son 600.

4º A ruta conta cun avituallamento sólido-liquido á metade e o finalizar a mesma outro avituallamento sólido líquido.

5º Procederase ó finalizar a ruta, á entrega de agasallos para o grupo mais numeroso, o participante mais vello e o participante mais novo.

6º.- A recollida de dorsais realizarase no lugar da saída entre as 14:00 e as 15:15 horas o día 4 de abril de 2020. **É obrigatorio levar o dorsal en lugar ben visible o día da ruta así como o uso do CASCO PROTECTOR. NON SE PERMITIRÁ A SAÍDA A NINGÚN PARTICIPANTE SEN CASCO.**

7º.- A Organización disporá durante o desenrolo da marcha de **asistencia da Cruz Vermella (con presenza dun medico e dun DUE)**, vehículos da organización e persoal de apoio para asegurar o bo funcionamento da mesma.

8º.- Todo participante, deberá ser maior de idade (os participantes con 16 e 17 años poderán participar coa autorización paterna que teráse que entregar asinada e acompañada de fotocopia do DNI do pai, nai ou titor), e deberá ir provisto obrigatoriamente de casco protector, roupa axeitada ás condicións climatolóxicas da proba. Aconsellable o uso de teléfono móbil.

9º.- O percorrido da proba descorre casi na súa totalidade por sendeiros, camiños e pistas, pero **non está pechado ao tráfico, polo que os participantes deberán cumprir as leis de seguridade vial e o código de circulación.** A Organización non se fai responsable das negligencias dos participantes que non cumpran dita Lei, nin solidaria ni subsidiariamente; así coma dos accidentes provocados polos mesmos. Ademais, **as forzas do orden poderan decidir que calquera participante que non cumpra as normas viarias, abandone a proba.**

10º. Cada participante, se compromete a respectar o código de circulación e regulamento da proba. No caso de infracción será o único responsable do accidente, incluso a terceiros.

11º. Cada participante, maior de idade (ou o seu titor se é menor de idade), é responsable da súa propia conducción, asumindo os riscos e situacións, incluso fronte a terceiros, que poidan conlevar o feito de participar nunha proba destas características, tanto a nivel de esforzo físico, psíquico, como caídas u outro tipo de lesions.

12º. Os participantes deberán de atender aos consellos e indicacións da organización e deberán levar o dorsal ben visible na parte dianteira da bici.

13º. Todo participante deberá respectar o itinerario marcado pola organización. Asemade, deberá traer as pezas necesarias para resolver unha avaria (cámara, bombín,...)

14º. A organización poderá retirar da marcha a todo participante, que a xuízo dos sanitarios ou xuíces non se atope en condicións físicas de continuar ou non cumpra os horarios previstos pola organización.

15º. Todo participante que abandoe a marcha farao baixo a súa propia responsabilidade.

16º. A marcha está considerada dun **nivel físico medio** polo que a organización recomenda a todo participante, un entrenamiento específico para a participación nela, así como a realización de controis físicos periódicos.

17º. O percorrido desenrolarase por terreos naturais, polo que a organización prega, a todo participante, que para que poidamos seguir desfrutando destes maravillosos paraxes, o deixemos todo ben limpo e non tiremos papeis e lixo ao chan, depositando os nosos desperdicios nos lugares previstos ao efecto. Respectando así a normativa vixente en canto o uso dos montes.

18º. Os primeiros metros inclúen un tramo urban, que será neutralizado; o resto será libre. Non obstante, a organización se reserva o dereito de modificar o percorrido, kilometraje e a data da proba se fose preciso.

19º. Todo participante, polo feito de inscribirse acepta as condicións e regulamentacións impostas pola organización, nas que o participante é o único responsable da súa propia conducción, asumindo os riscos e situacións, incluso fronte a terceiros, que poidan conlevar o feito de participar nunha proba destas características, polo que libera expresamente á organización ou a calquera outro patrocinador ou colaborador, ante todo tipo de accidente, lesión ou eventualidade que poidera surxir derivada da súa participación na proba, e que non estivese cuberta polo seguro contratado. Todos os participantes inscritos na marcha están amparados por un **seguro de responsabilidade civil e asistencia sanitaria**, polo que é necesario que no momento da inscrición figure con claridade e exactitude o Nome e Apelidos de cada participante.

20.- Dacordo co establecido na Lei de protección de datos de carácter persoal, informamoslle que os datos persoais que nos facilite quedarán incorporados e serán tratados nun ficheiro titularidade da organización coa finalidade de recibir información das actividades. Si o desexa, pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos na Lei, dirixindo un correo electrónico a cimadevila@globaldxt.com